Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A desaparición da cidade de Duio e os Bois de Gures

Duio, a antiga Dugium, estaba en fronte á praia da Lagosteira, en Fisterra (A Coruña). Os seus habitantes tiñan mala sona e unha vez que pasou Xesús Cristo por alí, sen dar outra explicación, díxolles aos moradores:

—Que Deus vos convirta, que nós non podemos.

E desapareceu todo agás dous bois e unha serea. Os bois eran propiedade dun veciño chamado Gures e a serea foi coñecido desde entón como a serea de Fisterra.

Os animais andaron desorientados e un día caeron no mar e afogaron, mais non desapareceron da nosa vista. Os animais petrificáronse e convertíronse nos dous illotes que hoxe chamamos Bois de Gures e que todos podemos ver na enseada do Ézaro.

Bois de Gures

Chámanse así dous illotes de pedra que hai na enseada do Ézaro. Eran bois (animais) que fuxiron do asolagamento da cidade de Dugium, que estaba na praia da Langosteira, entre os cabos Fisterra e Nave, en Fisterra (A Coruña). Foron os únicos seres vivos que se salvaran da catástrofe pero que, despois de andar

vagamundos varios días, metéronse no mar e quedaron así, petrificados.

BIBLIOGRAFÍA

Cuba, X., Miranda, X., Reigosa, A. (1999): Diccionario dos seres míticos galegos. Edicións Xerais de Galicia.

Reigosa, A. (2010). Guía ilustrada da Galicia invisible. Cidades, vilas e lugares desaparecidos, illas misteriosas, covas impenetrables, personaxes etéreos, montes aparentes, pozos insondables... Xerais, Vigo. (Con ilustracións de Noemí López). Vigo.

Rodríguez González, E. (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.